

PROCEDEMENTO: Axudas para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine.

ASUNTO: 4ª quenda. Resolución de adxudicación de subvencións.

CÓDIGO PROCEDEMENTO: CT404D

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 12 de xaneiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 8 a Resolución do 21 de decembro de 2022 pola que se aproban e se convocan para o ano 2023 as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes.
2. Os días 24 de marzo, 25 de maio e 14 de setembro de 2023 ditáronse a primeira, segunda e terceira quenda, respectivamente, de resolucións de concesións.
3. Unha vez finalizado o prazo final de presentación de solicitudes que determina a convocatoria, recíbense na Agadic as solicitudes que figuran no anexo I.
5. O día 20 de novembro de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia núm. 220 a Resolución do 14 de novembro de 2023 polo que se fai público o incremento de crédito da Resolución do 21 de decembro de 2022, o que posibilita subvencionar todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras, polo que nesa mesma data o director eleva a proposta de resolución de concesión.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión das axudas o presidente do Consello Reitor da Agadic, de conformidade co disposto na base décimo cuarta, punto 2, da Resolución do 21 de decembro de 2022, que establece que a Presidencia do Consello Reitor da Agadic deberá ditar unha resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da elevación da proposta de resolución.
2. As solicitudes de subvencións presentadas ao abeiro da Resolución do 21 de decembro de 2022 foron tramitadas e instruídas conforme ás bases reguladoras da devandita resolución, e o director da Agadic elevará como órgano instructor a proposta de resolución correspondente.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director da Agadic, e de conformidade con ela,



RESOLVO:

1. Inadmitir as solicitudes que figuran no anexo II.
2. Subvencionar as solicitudes que figuran no anexo III polas contías que se detallan.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición perante o presidente do Consello Reitor da Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise se o acto fose presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.
- b) Recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución se o acto fose expreso ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González





## ANEXO I

### SOLICITUDES RECIBIDAS NA CUARTA QUENDA

Exp	Mod	Data-Registro	Solicitante	Proyecto
36	A	18/09/2023	Cósmica Producións, S.L.	Festival de San Sebastián 2023
37	B	18/09/2023	Miramemira, S.L.	TIFF - Toronto International Film Festival
38	B	22/09/2023	Caretos Film AIE	Premios Goya
39	A	28/09/2023	Danga Danga Audiovisuais, SLNE	Meet them! Industry Club_ SSIFF
40	A	03/10/2023	Gaitafilms, SL	The Industry Club – Festival de San Sebastián
41	A	06/10/2023	Sétima Sociedade Coop Galega	The Industry Club-Festival de San Sebastián
42	B	06/10/2023	Miramemira, S.L.	71 Festival Internacional de Cine de San Sebastián
43	A	09/10/2023	Ficción Producciones, S.L.	MIPCOM-Cannes (Francia)
44	B	10/10/2023	Sygnatia, SL	Festival de Malaga
45	B	10/10/2023	Sygnatia, SL	Festival de San Sebastian
46	B	14/10/2023	Lois Patiño Lamas	London Film Festival
47	B	14/10/2023	Lois Patiño Lamas	Seminci - Festival de Valladolid
48	B	17/10/2023	Abano Producións, S.L.	Festival de San Sebastian- Internacional Film Fest
49	A	19/10/2023	Xamalú Filmes, S.L.	The Industry Club Festival de San Sebastián
50	B	19/10/2023	Helena Girón Vázquez	Viennale-Vienna International Film Festival
51	A	24/10/2023	Tamboura Films, S.L.	MIPCOM

## ANEXO II

### SOLICITUDES INADMITIDAS

Exp	Mod	Solicitante	Proxecto	Foro/Evento	Causa
44	B	Sygnatia, SL	<i>Festival de Malaga - Upon Entry</i>	Festival de Málaga Cine Español	Incumprimento da base 3ª.1.2.1.
45	B	Sygnatia, SL	<i>Festival de San Sebastian - Upon Entry</i>	Festival Internacional de Cine de San Sebastián	Incumprimento da base 3ª.1.2.1.





ANEXO III:

SOLICITUDES SUBVENCIONADAS

Exp	Mod	Solicitante	Proxecto	Foro/Evento	Importe subvención propo
36	A	Cósmica Producións, S.L.	<i>Festival de San Sebastián 2023</i>	The Industry Club-Festival de San Sebastián	600,00
39	A	Danga Danga Audiovisuais, SLNE	<i>Meet them! Industry Club_ SSIFF</i>	The Industry Club-Festival de San Sebastián	448,64
40	A	Gaitafilms, SL	<i>The Industry Club – Festival de San Sebastián</i>	The Industry Club-Festival de San Sebastián	129,23
41	A	Sétima Sociedade Coop Galega	<i>The Industry Club-Festival de San Sebastián</i>	The Industry Club-Festival de San Sebastián	456,70
43	A	Ficción Producciones, S.L.	<i>MIPCOM-Cannes (Francia)</i>	MIPCOM-Cannes 2023 (Francia)	1.169,83
49	A	Xamalú Filmes, S.L.	<i>The Industry Club Festival de San Sebastián</i>	The Industry Club-Festival de San Sebastián	482,39
51	A	Tamboura Films, S.L.	<i>MIPCOM</i>	MIPCOM-Cannes 2023 (Francia)	1.300,00
37	B	Miramemira, S.L.	<i>TIFF - Toronto International Film Festival – O corno</i>	Toronto International Film Festival (TIFF)	3.500,00
38	B	Caretos Film AIE	<i>Premios Goya – Os demos de barro</i>	Goya	5.000,00
42	B	Miramemira, S.L.	<i>71 Festival Internacional de Cine de San Sebastián – O corno</i>	Festival Internacional de Cine de San Sebastián	6.000,00
46	B	Lois Patiño Lamas	<i>London Film Festival – Samsara</i>	London Film Festival	2.000,00
47	B	Lois Patiño Lamas	<i>Seminci - Festival de Valladolid – Samsara</i>	Seminci – Semana Internacional de Cine de Valladolid	2.500,00
48	B	Abano Producións, S.L.	<i>Festival de San Sebastian- Internacional Film Fest – O soño da sultana</i>	Festival Internacional de Cine de San Sebastián	6.000,00
50	B	Helena Girón Vázquez	<i>Viennale-Vienna International Film Festival – Bloom</i>	Viennale-Vienna International Film Festival	1.500,00

